

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL**

EXTRACTO da Orde do 2 de agosto de 2024 pola que se aproban as bases reguladoras das axudas a centros privados concertados da Comunidade Autónoma de Galicia para atender o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo para o curso 2024/25 (código de procedemento ED301I).

BDNS (Identif.): 782621.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Beneficiarios*

Os centros privados concertados da Comunidade Autónoma de Galicia. Os centros con unidades concertadas de educación especial unicamente poderán optar ás axudas para a finalidade prevista no artigo 4.2 da orde. Quedan excluídos destas axudas os centros concertados específicos de educación especial.

Segundo. *Obxecto*

1. As axudas teñen por obxecto atender o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo nas correspondentes unidades concertadas, entendendo por este aquel alumnado que requira determinados apoios e atencións específicas derivadas de discapacidade motora, sensorial, intelectual ou trastornos xeneralizados do desenvolvemento e da conduta, naqueles aspectos que non estean xa cubertos polo concerto educativo, ao longo do curso escolar 2024/25.

2. As axudas poderán empregarse para os fins de contratación de persoal complementario, reparacións, mantemento e obras ou instalacións menores de contía non superior ao 15 por cento da axuda, compra de material específico ordinario non inventariable e adquisición de material específico inventariable.



Terceiro. Bases reguladoras

Orde do 2 de agosto de 2024 pola que se aproban as bases reguladoras das axudas a centros privados concertados da Comunidade Autónoma de Galicia para atender o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo para o curso 2024/25 (código de procedemento ED301I).

Cuarto. Importe

1. As axudas económicas para os niveis de educación infantil, de primaria e de educación secundaria obrigatoria tramitaranse con cargo á partida orzamentaria 37.05.422A.482.3, por unha contía total máxima de 95.845,00 euros para o período setembro-décembro do ano 2024 e de 191.689,00 euros para o período xaneiro-xuño de 2025.

2. Para o nivel de formación profesional, incluída a formación profesional básica, tramitaranse con cargo á aplicación orzamentaria 37.05.422M.482.3, por unha contía total máxima de 4.155,00 euros para o período setembro-décembro do ano 2024 e de 8.311,00 euros para o período xaneiro-xuño de 2025.

En ambos os casos as dotacións irán destinadas a:

– Contratación de persoal complementario: logopeda, fisioterapeuta, axudante técnico/a educativo/a, psicólogo/a, pedagogo/a, traballador/a social, educador/a social, intérprete de lingua de signos e coidador/a.

– Reparacións, mantemento e obras ou instalacións menores, de contía non superior ao 15 por cento da axuda.

– Compra de material específico ordinario non inventariable.

3. A adquisición de material inventariable específico para a atención do alumnado con necesidades de apoio educativo tramitarase con cargo ás partidas orzamentarias:

– 37.05.422A.780.0, para os niveis de educación infantil, de primaria e de educación secundaria obrigatoria, por unha contía total máxima de 47.922,00 euros para o período setembro-décembro do ano 2024 e de 95.844,00 euros para o período xaneiro-xuño de 2025.

– 37.05.422M.780.0, para o nivel de formación profesional, incluída a formación profesional básica, unha contía total máxima de 2.078,00 euros para o período setembro-décembro do ano 2024 e de 4.156,00 euros para o período xaneiro-xuño de 2025.



Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

Será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da orde de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de agosto de 2024

Román Rodríguez González
Conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

